

Para o alumnado da ESO




La suerte está echada

Espido Freire. Ed. Anaya. 2019

Terceira e última parte da triloxía histórica que comezou con *El chico de la flecha* e seguiu con *El misterio del arca*. Marco vese obrigado a tomar decisións e a responsabilizarse delas. Espido Freire convídanos a viaxar ata o verán do ano 79 d.C.

La pregunta y la respuesta

Patrick Ness. Ed. Nube de tinta. 2021
Continuación da triloxía na que se basea a superproducción *Chaos Walking*. En Prentisstown os teus pensamentos son públicos. Non existen os secretos. Na súa fuxida dun exército implacable, Todd e Viola atópanse unha vez máis co seu peor inimigo.



Astérix e o grifón


R. Goscinny y A. Uderzo; J-Y. Ferri ed. Conrad. Edicións Xerais. 2021

Estamos nos anos 50 ants de Cristo. Toda a Galia está ocupada polos romanos... Toda? Non! Unha aldea poboada por irreductibles galos aínda segue resistindo o invasor.


A nena lectora

Manuel Rivas e Susana Suniaga. Edicións Xerais. 2021

“Aurora achegouse e abrazoume. Detrás dela había un grupo de mulleres. Presentoumas: ‘Son a miña cuadrilla de cigarreiras. Traballamos xuntas na fábrica. Ti farás que soñemos mentres traballamos’”.



Para alumnado de Bacharelato



La catedral del mar

Ildefonso Falcones. Random, 2018

Século XIV. A cidade de Barcelona atópase no seu momento de maior prosperidade. Medrou cara ao humilde barrio de pescadores, cuxos habitantes deciden construír o maior templo dedicado á Virxe.

Golpes de luz

Ledicia Costas. Xerais, 2021

Xulia é xornalista e acaba de separarse, polo que regresa a Galicia co seu fillo Sebas. O rapaz ten dez anos e está convencido de que a avoa Luz é o deus Thor porque nunca se separa do seu martelo.



O enigma de Santiago

Xosé A. Neira Cruz. Galaxia, 2021

Tras afondaren os personaxes en documentos descoñecidos, descóbrense a existencia dunha trama que converte Santiago nunha das capitais do tráfico clandestino de reliquias.

Otra historia del Arte

Miguel Ángel Cajigal Vera. Pan B, 2021

O autor, coñecido como *El Barroquista* no seu labor divulgativo, propón un novo xeito de achegarnos á arte e convídanos a gozar dela sen prexuízos.



As ilusiones perdidas

Xavier Giannoli, Francia, 2021

Adaptación da novela de Honoré de Balzac *Les illusions perdues*. Na Francia do s. XIX, Lucien quere forxarse un futuro como poeta.

REDE DE BIBLIOTECAS ESCOLARES DOS CENTROS PÚBLICOS DE AMES




GUÍA DE NADAL 2021

www.biblioceipamaia.blogspot.com
www.coapalabranaboca.blogspot.com/es/
www.agrobiblio.blogspot.com.es
www.bibliocarlosnieto.blogspot.com.es/
www.iesmilladoirobiblioteca.blogspot.com
<http://www.bibliobarouta.blogspot.com>
axaneladeventin.blogspot.com
eei.covas@edu.xunta.es
eei.igreja.ames@edu.xunta.es

Máis guías en:

www.edu.xunta.es/biblioteca/blog

Primeiros lectores



Ravioli

David Hernández Sevillano. Anna Forlati. OQO Editora. 2021



Cada mar ten un encargado de dar forma ás ondas e facelas rodar sobre a súa superficie. O

fabricante de ondas daquel pequeno mar de auga turquesa era o señor Ravioli

El tigre que vino a cenar.

Steve Smallman. Beascoa. 2021

A ovelliña Estofado, o vello raposo e Tortilla, o seu cocodrilo mascota, achégannos unha historia chea de valores como a amizade, a xenerosidade e a aceptación das diferenzas.



Bo camiño, Peregrino!

Rena Ortega. Edicións do Cumio. 2021

Este é un libro sobre o Camiño de Santiago. Un libro de ficción, cheo de maxia, detalles... Moitos detalles!

O paraugas de Cebra

David hernández Sevillano. Anuska Allepuz NubeOcho. 2021

O paraugas de cores de Cebra é máis grande do que parece. Cando empeza a chover moitos animais queren refuxiarse con ela. Habrá sitio para todos os seus amigos e amigas?



De 7 a 9 anos



Fronteiras de papel.

Alba de Evan; Javier Domínguez Editorial Antela 2020


Fátimah e a súa familia emprenden unha viaxe alén do mar, que os leva a descubrir que as fronteiras máis difíciles de sortear poden estar feitas de algo tan fráxil como o papel.

Monstro azul.

Olga De Dios

Apila Ediciones, 2020

Esta é a historia dun grupo que creceu crendo que podía xogar sen importar as consecuencias dos seus actos. Aprenderán a divertirse sen facerlle dano á súa contorna? Monstro Azul fálanos do respecto, convivencia e empatía.



A boneca de Lucas.

Alicia Acosta

Editorial: NubeOcho, 2021

Lucas desexaba con todas as súas forzas ter una boneca. Un día mamá e papá trouxéronlle unha e corre a xogar con ela. No parque, un neno do


colexio quíitalla para facelo rabiarse e... a boneca rompe!

El club de los cinco. Colección de aventuras.

Enid Blyton.

Editorial Juventud, 2021

Reúne tres historias da serie *Historias Cortas de Los Cinco*: Aventura outonal, leva ao grupo trala pista duns pasaxeiros do tren cun bebé moi sospeitoso. Jorge quere cortar o pelo, mais topa cuns ladróns! Tim resolve un caso grazas ao seu olfacto.



De 9 a 12 anos

A cuadrilla de Castro Rosa Manuel Martínez. Edicións Cabo Norte, 2020

En Castro Rosa vive un grupiño de nenas e nenos que, cada día de camiño á escola, ve pasar unha chea de xente cargada con mochilas e bastóns. Comezará entón unha aventura que non esquecerán xamais... Contén audiolibro.



Apalpador vs. Papá Noel. As aventuras do apalpador nº1. Fernando M. Cimadevila. Contos Estraños Editora, 2018.

Nos misteriosos bosques do Courel están a acontecer cousas moi estrañas. Un elfo e unha rapaza chamada Noa emprenderán unha fantástica viaxe na procura do gardián do bosque.

O xenio da cidade do sal. Fina Casalderrey. Xerais, 2021

Este relato de misterio e aventura achéganos á figura do xenial compositor Mozart, a través dunha viaxe polo Camiño de Santiago ata chegar a Galicia. O libro contén un CD.



Pepa Guindilla. Ana Campoy. Nórdica Libros, 2021.

Pepa Guindilla ten dous pais, unha nai, dúas casas e un veciño insoportable. Reparte a vida entre os seus dous fogares e a vida vaille bastante ben.

